

INFORMACIÓN PARA O ALUMADO SOBRE A REALIZACIÓN DOS
EXAMES POR MEDIOS TELEMÁTICOS NO CURSO 2020/21

REQUISITOS PARA A REALIZACIÓN DO EXAME:

- Comezo da **conexión 10 minutos antes** do comezo da proba para facer as probas pertinentes.
- **Non se permitirá o chat** durante a reunión para evitar a comunicación de xeito privado.
- Cargar **batería** do equipo, ou telo enchufado durante a proba (portátil, tablet ou móbil)
- Comprobar **micrófono (sen cascos nin auriculares) e cámara** previamente á proba.
- Manter o **micrófono aberto** durante toda a proba salvo indicación puntual do docente.
- Estarán **prohibidos cascos ou auriculares** así como a **presenza de outras persoas** na sala, polo que se recomenda buscar unha localización silenciosa e segura.
- Manter a **cámara** activada durante toda a proba. No caso de non dispor dunha, poderíase empregar a cámara do móbil como webcam do computador, para o que existen aplicacións específicas e mesmo **conectarse con Webex** pola aplicación do móbil.
- Manter o **rostro** claramente identificable, sen posibilidade de levar gorras ou capuchas.
- Manter a **conexión** durante todo o tempo que dure a proba.
- Os **teléfonos estarán apagados** salvo no emprego para webcam.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

- Todos os **requisitos serán obrigatorios**, e responsabilidade do alumnado, resultando imposible realizar a proba se non se cumpriran.
- En calquera momento da proba o **docente poderá requirir** o uso compartido da pantalla, a comprobación de son, a visualización da proba na cámara, a progresión na tarefa e mesmo o control remoto do equipo.
- Os **tempos das probas serán axustados**.
- Non se permitirá a **entrega ata que o indique** o docente.